

CONCELLO DE ENTRIMO
(OURENSE)

Praza do Concello 1, Terrachán
32860 – ENTRIMO (Ourense)
Tlf:988434666 Fax:988434610
concello.entrimo@eidolocal.es

Anuncio de adxudicación

En cumprimento do disposto no artigo 151.4 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, faise pública a resolución de adxudicación do procedemento negociado con publicidade para a contratación consistente na “Explotación do servizo de bar-cafetería no local social de Feira Vella”, co seguinte tenor literal:

“DECRETO

DATA: 12/07/2012

Visto o expediente tramitado ó efecto para a adxudicación do contrato para a “Explotación do servizo de bar-cafetería no local social de Feira Vella”, onde constan, entre outros, os seguintes antecedentes:


- Inicio do expediente por Providencia da Alcaldía de data 05/06/2012.
- Aprobación do expediente de contratación e do prego de cláusulas administrativas particulares e convocatoria da licitación, a través de procedemento negociado con publicidade e tramitación ordinaria, por Decreto da Alcaldía de data 6 de xuño de 2012.
- Publicación en data 6 de xuño de 2012 do anuncio de licitación no Perfil do Contratante.
- Presentación de ofertas polos seguintes licitadores: Feira Vella, S.C., José Luis Pérez Iglesias e Xuresruraltur, S.L..
- Acta da Mesa de contratación celebrada na data 22/06/2012 onde consta o requerimento de subsanación da documentación administrativa presentada por Feira Vella, S.C., José Luis Pérez Iglesias e Xuresruraltur, S.L..
- Acta da Mesa de contratación celebrada na data 28/06/2012 onde consta o seguinte texto que se transcribe literalmente de seguido:

“...a Mesa de contratación propón ao órgano de contratación que realice a adxudicación a favor de Feira Vella, S.C., por ser o licitador que presentou a oferta economicamente máis ventaxosa na contratación da “Explotación do servizo de bar-cafetería no local social de Feira Vella”. A segunda oferta máis ventaxosa foi a presentada por Xuresruraltur, S.L. e a terceira a de José Luis Pérez Iglesias”.

- Decreto da Alcaldía de data 29/06/2012 no que se require a “Feira Vella, S.C.” para que presente, no prazo de dez días, contados desde o seguinte a aquel en que reciba o requirimento, a documentación xustificativa de estar ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social ou que autorice ao órgano de contratación para obter de forma directa a acreditación diso, de que dispón efectivamente dos medios que se comprometése a dedicar ou adscribir á execución do contrato, de acordo co artigo 64.2 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, e de ter constituída a garantía definitiva que sexa procedente.

Visto que “Feira Vella, S.C.” aportou en prazo a documentación requerida, e logo de comprobar que reúne os requisitos para contratar coa administración de conformidade co prego de cláusulas administrativas, **RESOLVO:**

PRIMEIRO. Adxudicar a “Feira Vella, S.C.”, con CIF nº J- 32430415, o contrato para a “Explotación



CONCELLO DE ENTRIMO
(OURENSE)

*Praza do Concello 1, Terrachán
32860 – ENTRIMO (Ourense)
Tlf:988434666 Fax:988434610
concello.entrimo@eidolocal.es*

do servizo de bar-cafetería no local social de Feira Vella”, por procedemento negociado con publicidade e tramitación ordinaria, por un importe de 4.838,00euros, IVE engadido, correspondendo ao IVE a contía de 738,00 euros.

SEGUNDO. Notificar a presente resolución ao adxudicatario e aos candidatos que non resultaron adxudicatarios e publicala no perfil do contratante.

TERCEIRO. Citar a D. Francisco Javier Guillén Planas, en representación de “Feira Vella, S.C., para a sinatura do contrato, que terá lugar no Concello de Entrimo o día 17 de xullo de dous mil doce ás dez horas.”

Entrimo a 12 de xullo de 2012.

O 1º Tenente de Alcalde



Asdo.: Amadeo Rodríguez Torres